

A DECLARACIÓN DE “BARBEITO PARA SIE” EN GALICIA

O “pago verde” ou “greening” é un pilar fundamental da reforma da PAC para o novo período de axudas 2015-2020, e a normativa comunitaria dá unha especial relevancia nos controis á verificación de que se cumpren realmente os requisitos nese ámbito, como son o respecto da “diversificación” e o mantemento de “superficies de interés ecolóxico” (SIE) nas explotacións que superan unha determinada dimensión.

Entre as posibilidades que contempla a normativa para o mantemento de SIE están os barbeitos sen produción. Un barbeito é unha terra de labradío (é dicir, de cultivo) que non se sementa durante un ou máis anos, e a razón agronómica para facer esta práctica é permitir que o solo descanse e, deste feito, melloralo.

Por conseguinte, unha primeira consideración básica que hai que facer é que o motivo evidente para que un barbeito se considere para os efectos das axudas como unha superficie de “interés ecolóxico” é que sexa unha práctica claramente mellorante do solo nunha terra de cultivo, e esta premisa nos dá un primeiro enfoque do que pode e non pode ser unha SIE. Calquera tipo de utilización que non teña claramente esta vantaxe respecto a un cultivo normal non poderá ser considerada como SIE.

O feito de que os barbeitos sexan necesariamente terras de cultivo (usos SIXPAC TA ou TH) ten algunhas implicacións de partida:

1. Como en calquera outra parcela agrícola, o artigo 11.3 do R.D. 1075/2014 esixe que o mantemento da superficie se realice mediante unha actividade anual que, de acordo co seu Anexo IV, nas terras de cultivo ten que ser:
 - a. *“Laboreo, que incluye alguna de las prácticas tales como: alzar, subsolar, aricar, binar, gradear, desterronar, despedregar, asurcar (según curvas de nivel que evita la erosión y favorece la penetración del agua en el suelo, creación de caballones (separación de parcelas), aporcar (cultivos arbóreos), etc.*
 - b. – *Labor de limpieza en general de vegetación espontánea, tanto en herbáceos para evitar matorral, como en arbóreos limpieza de los bordes de los pies arbolados.”*

Non se inclúe no Anexo IV o “desbroce” de matogueira como unha actividade suficiente nas terras de cultivo, senón que esta actividade soamente se relaciona cos pastos arbustivos ou con arboredo. É obvio que desbrozar meramente unha terra de cultivo abandonada non é facer un barbeito.

2. Non se poden declarar como barbeitos os pastos permanentes (usos SIXPAC PS, PR ou PA). No caso, por exemplo, de que un pasteiro nun recinto PS se pretenda transformar en TA (vía a alegación ao SIXPAC correspondente) é imprescindible establecer un cultivo no primeiro ano, polo que non sería posible declarar barbeito ese primeiro ano.

Polo que respecta á condicionalidade, as especificacións recollidas no Anexo VIII da Orde autonómica reguladora da Solicitud Única, no que se refire á BCAM 4 para as terras de barbeito (para manter unha cobertura mínima do solo), indican:

“Realizaranse prácticas tradicionais de cultivo, prácticas de mínima labra ou manterase unha cuberta vexetal axeitada, ben sexa espontánea ben mediante a sementeira de especies mellorantes...”

É dicir, dentro do barbeito en xeral caberían distintas opcións, que podemos resumir do seguinte xeito:

1. Barbeito sen cuberta vexetal.
2. Barbeito con cuberta vexetal:
 - 2.1. Con vexetación espontánea.
 - 2.2. Con vexetación por sementeira de “especies mellorantes”.

Non obstante, para que un barbeito poida ser considerado como SIE existen na normativa disposicións adicionais:

- a. O artigo 24 do R.D. 1075/2014 distingue nas SIE os barbeitos e os cultivos fixadores de nitróxeno, e logo establece condicións distintas para eses tipos de SIE.
- b. De acordo co Anexo VIII dese R.D., *“para que as terras de barbeito sexan consideradas superficies de interés ecolóxico, **non deberán dedicarse á produción agraria, polo menos, un período de 9 meses consecutivos...**”*. Por este motivo, non todos os barbeitos poderán ser declarados como barbeitos para SIE, e nestes SIE nin sequera se poderá facer aproveitamento por pastoreo no período indicado.
- c. De acordo co Anexo IX, os barbeitos teñen un “factor de ponderación” igual a 1 e os cultivos fixadores de nitróxeno teñen un factor de 0,7. Parece que esta diferenza nos factores de ponderación presupón que un barbeito sen produción ten un “maior interés ecolóxico” que un cultivo nitróxeno (estes cultivos teñen un efecto mellorante respecto a outros tipos de cultivos pero, como calquera cultivo do que se espera unha produción, implican ou poden implicar a utilización de produtos fitosanitarios, fertilizantes, un maior consumo enerxético, etc). Por conseguinte, non é posible declarar como barbeito para SIE unha cuberta vexetal obtida sementando un cultivo fixador de nitróxeno, senón que estes cultivos deberán ser declarados como tales e terán un factor de ponderación 0,7.

A declaración de barbeitos para SIE realízase na aplicación SGA mediante o produto 24 (mentras que o barbeito normal declárase co produto 20). Ademais do código de produto haberá que indicar o “tipo” (901 “sen cuberta vexetal” ou 902 “con cuberta vexetal”) e a “actividade” (en consonancia co Anexo VIII do R.D., na aplicación SGA aparecerán dúas actividades como posibles para ese produto: “labra” ou “eliminación de malas herbas”).

De acordo con todo o dito con anterioridade, a declaración de barbeito para SIE en Galicia debería corresponder normalmente a unha situación na que se dean simultaneamente as seguintes circunstancias:

1. O ano anterior había un cultivo (que non fose un nitroxenado declarado para SIE), por exemplo millo.
2. No ano da solicitude non se sementa nada.
3. Realízanse as prácticas necesarias para manter en óptimas condicións a superficie de cultivo.
4. Non se realiza ningún tipo de aproveitamento no periodo de 9 meses, nin sequera pastoreo.

Non é moi relevante na xestión das axudas elixir o tipo 901 ou o 902. Se nunha situación como a descrita, e dado o rápido crecemento da vexetación espontánea, o agricultor considera que o normal é que no verán do ano da solicitude haxa sobre o terreo unha cuberta vexetal (obviamente, que non sexan “malas herbas”), pode declarar o tipo 902, pero non sería un problema atopar nun control o solo desnudo, ou viceversa.

Tamén pode haber outras situacións en Galicia nas que podería ser correcto declarar un barbeito para SIE, aínda que canto máis se alonxe das circunstancias descritas con anterioridade máis probable será que se incumpra a normativa e que o resultado dun control sexa negativo. Por exemplo:

- a. A reiteración da declaración de barbeito sobre unha mesma parcela non está terminantemente prohibida pero será considerada como factor de risco para a selección dos controis, pois probablemente esa declaración estea evidenciando un estado de abandono da parcela. Parece evidente que esa reiteración non ten sentido agronómico en xeral e moito menos nunha rexión coas condicións agroclimáticas de Galicia (non se precisa que o solo “descanse” durante un periodo tan prolongado).
- b. Obviamente, non é posible ter un cultivo plurianual e declarar o último ano de cultivo como barbeito, polo feito de que non se semente nada ese ano nin se recolla produción durante o periodo de 9 meses senón con posterioridade. Nunha situación así, o último ano é tamén un ano de cultivo con produción, non un barbeito.
- c. Un caso particular do anterior é o da rotación tradicional en Galicia de tres anos de pradería seguidos dun ano de millo:
 - i. Como en calquera cultivo plurianual, non será barbeito o último ano de pradería, sen máis.
 - ii. Cabería en cambio calificar de barbeito nun ano a práctica de alzar a pradería no outono previo, non sementar nada o ano da declaración (realizando ademais nese ano as prácticas necesarias para manter a parcela en óptimas condicións como terra de cultivo) e sementar o millo no ano seguinte.
- d. Non son barbeito as terras de cultivo abandonadas, e tampouco as esquinas das parcelas de cultivo nin os terreos marxinais ou improdutivos.

Outro aspecto importante que hai que ter en consideración son as normas da Comisión para as comprobacións sobre o terreo dos requisitos do greening. O Documento de Traballo da Comisión Europea DSCG/2014/32 contén orientacións para a realización dos controis sobre o terreo e a medición de superficies que os Estados membros deben respectar, que se recollen tamén na circular do FEGA para a realización destes controis. De acordo con esas normas os requisitos do greening (tanto os relativos á diversificación como ás SIE) deberán verificarse de xeito inequívoco os cultivos en cuestión.

En particular, no caso dos barbeitos para SIE hai que verificar (entre outros aspectos) que *“no existen en tales superficies ningún cultivo, rastrojos, restos o residuos de una cosecha reciente, de pasto, siega o evidencias de aprovechamiento por el ganado en forma de pastoreo”*. De acordo con isto e como exemplo, unha labra recente (que impedira verificar que na parcela non houbo ningunha colleita recente) levaría a rexeitar como barbeito para SIE a parcela en cuestión.

Como conclusión, hai que ter claro que a declaración como barbeito para SIE implica que esa superficie debe ser unha terra de cultivo que nese ano se somete a “descanso” e sobre a que se realizan todas as actividades necesarias para mantela en óptimas condicións, dunha maneira que debe ser claramente verificable para o FOGGA.